

Plan Estratéxico *2022-2027*

SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA



Solidariedade Internacional de Galicia (SIG) somos unha Organización Non Gubernamental para o Desenvolvemento, creada hai case 25 anos por un grupo de persoas, para dar continuidade baixo outro enfoque á extinta Fundación Solidaridad Internacional, con sede en Madrid. Nese tempo constituíanse tamén asociacións homónimas na Comunidade Valenciana, no País Vasco, en Andalucía e nas Illas Canarias.

Baixo a premisa de promover unha cooperación internacional progresista, de vangarda e con capacidade de provocar cambios profundos que dignifiquen a vida das persoas, ao longo da nosa historia temos posto en marcha máis de 60 proxectos de cooperación internacional en 15 países, da man de 36 organizacións locais. Traballamos con máis de 7.500 estudantes de Galicia e abrimos tres tendas de Comercio Xusto que, dende hai máis de 10 anos, abren as súas portas cada día nas cidades de Ourense, Pontevedra e A Coruña.

Hoxe, Solidariedade Internacional de Galicia constitúese coma unha entidade amplamente participada por persoas que entendemos a solidariedade como unha forma de ser e estar no mundo. Apostamos pola erradicación da pobreza e unha redistribución equitativa dos recursos.

Cremos firmemente na educación como ferramenta de transformación social e nun modelo económico ao servizo de todas as persoas. Actuamos de forma sostida, con eficiencia, relevancia e vocación transformadora, promovendo a solidariedade da sociedade galega para un desenvolvemento social compartido cos países do Sur.

Somos persoas comprometidas e convencidas do que facemos. Implicámonos coa nosa organización e cremos no noso modelo de acción. Somos responsables coas persoas e coa contorna. Temos experiencia e profesionalidade.



Carolina Campos. Presidenta

En SIG partimos dunha aposta colectiva para camiñar cara a unha entidade ecosocial, feminista e decolonial, promovendo de maneira transversal e conectada un traballo sistemático na incorporación práctica da igualdade, a ética dos coidados, o ecoloxismo, os dereitos humanos e o respecto ás diversidades, en todos os niveis de funcionamento e procesos internos da entidade e nos impactos externos. Para acadar estes compromisos institucionais artellamos os os seguintes **criterios de cumprimento:**



Maribel Valiela. Vicepresidenta

1. Promover contidos que respecten a perspectiva ecosocial, feminista, decolonial e o enfoque baseado en dereitos.
2. Non reproducir valores hexemónicos xeradores de desigualdades nin estereotipos de xénero, roles sexistas ou violencias machistas e, pola contra, aplicar os coidados, empregar imaxes e linguaxe inclusiva e discursos contra-hexamónicos dende unha perspectiva decolonial.
3. Aplicar a perspectiva ecosocial, feminista, decolonial e o enfoque baseado en dereitos no trabalo coas persoas destinatarias e participantes, considerando en todo momento as diferenzas e as necesidades de mulleres e homes, os seus diferentes puntos de partida e procesos, rexistrar os datos desagregados por sexo e asegurar un alto nivel de participación e de mulleres, mozas e nenas.
4. Manter e fomentar relacións de apoio mutuo e coidados entre as persoas da organización e con outras persoas, entidades, institucións e colectivos externos.
5. Favorecer un enfoque institucional ecosocial, acomodando modelos relacionais e de consumo circulares, solidarios, ecolóxicos, equitativos, feministas e en harmonía coa natureza. Reducir as nosas emisións de dióxido de carbono aplicando medidas para un abastecemento sostible, reducindo ou adaptando a mobilidade do persoal e das mercadorías, fomentando o uso de medios de transporte máis eficientes, vehículos compartidos e/ou transporte público así como de todo tipo de recursos máis respectuosos co medio ambiente (material reciclado ou reutilizado, substituíndo os plásticos por outros materiais), etc.
6. Manter unha política de compras e unha xestión dos recursos baixo os criterios da ética, a gobernanza e a perspectiva ecosocial.
7. Proporcionar ás persoas, comunidades e colectivos cos que traballamos un apoio eficaz, eficiente, pertinente e adecuado ás súas demandas e necesidades, extraendo para elo aprendizaxes da experiencia e a reflexión.
8. Promover a resiliencia organizacional, mellorando as nosas capacidades para anticipar, prepararse, responder e adaptarse ao cambio exponencial e ás interrupcións repentinas.

A nosa razón de ser, a **misión**;

A transformación social a través da participación, a cooperación, a incidencia política e a educación.

A transformación das relacións económicas e a promoción de modelos alternativos e equitativos de produción, distribución e consumo.

O avance da xustiza social, a sustentabilidade ambiental e a igualdade.

A promoción da solidariedade da sociedade galega para un desenvolvemento social compartido cos países do sur, para ser aliadas nas diferentes loitas.

A defensa universal dos Dereitos Humanos, incluíndo dereitos de nova xeración coma o dereito á paz ou ao desenvolvemento.

Actuamos con eficiencia, relevancia e vocación transformadora.

O que queremos ser, a nosa **visión**;

Queremos ser unha entidade recoñecida socialmente polo impacto das nosas accións como xeradoras de cambios positivos.

Queremos ser unha entidade democrática, participada e innovadora que promove a xustiza social a partir dun traballo coherente e complementario entre 3 áreas: educación para a cidadanía global, cooperación internacional e comercio xusto.



Rubén Gil. Tesoureiro

Os nosos valores son;

O compromiso cos colectivos e organizacións coas que traballamos: queremos establecer relacións horizontais, de ida e volta, estables no tempo, de aprendizaxe mutua e solidarias con organizacións do Sur.

O feminismo: os coidados atravesan todo canto se fai na organización e a igualdade é ao mesmo tempo unha condición e un obxectivo do noso traballo.

A alegría: o optimismo e a convicción respecto da posibilidade do cambio é o que nos move.
Recoñecemos os problemas, pero isto convídanos a actuar. Confiamos na nosa fortaleza.

O compartir: a comunidade, o equipo, as relacións, os lazos afectivos son a rede de vínculos que nos sustenta.
Con boa compañía, o camiño faise moi levadeiro.

A ambición transformadora: móvenos tamén a loita contra a inxustiza, o abuso, a ignorancia e o engano.



Noemí Cochón. Vogal

O plan estrutúrase en 7 áreas de actuación. Tres delas representan a actividade da organización cara fóra e as outras catro son dimensións organizativas transversais a todo o traballo da organización:

Áreas traballo

- Educación para a Cidadanía Global
 - Cooperación internacional
 - Comercio xusto

Áreas internas e transversais

- Organización, xestión e financiamento
 - Comunicación
- Participación, transparencia e bo goberno
 - Perspectiva de xénero



María Paz. Directora

OBXECTIVOS

Obxectivos estratéxicos da organización para as principais áreas



María Caride. Técnica de educación

Despois de analizar colectivamente a diagnose e realizar sesións de traballo deliberativo, coa participación do conxunto do equipo técnico e a xunta directiva de Solidariedade Internacional de Galicia, foron priorizados os obxectivos estratéxicos. Algúns deles correspóndense cos ámbitos de traballo da organización e outros son de carácter interno.

ÁREA DE COOPERACIÓN

Solidariedade Internacional de Galicia (SIG) somos unha organización comprometida co cambio social e a mellora das condicións de vida das comunidades do sur global. Ante os grandes desafíos da humanidade, entendemos a cooperación coma exercicio de resistencia. Unha cooperación que nos humaniza e nos enfrenta á vulnerabilidade, á exclusión e á opresión de pobos e sociedades que meceren, por xustiza, actos de compromiso transfronterizos.

Dende SIG queremos asumir un rol activo na construción da igualdade e na procura de novas relacións internacionais baseadas no apoio mutuo e colaboración. Dende hai máis de 20 anos traballamos coa sociedade civil organizada de máis de 30 países para contribuír ao esforzo colectivo que reivindica dereitos, mellora condicións e fortalece capacidades. SIG puido traballar da man de ONGDs locais en territorios do sur que foron e son prioritarios para a cooperación galega. A través de organismos públicos financiadores e dunha pequena parte de financiamento privado, viuse mellorada a calidade de vida de comunidades en Centroamérica, Sudamérica, Oriente Medio e África.



Gloira Parra. Técnica de cooperación

OBXECTIVOS

ÁREA DE COOPERACIÓN

OBXECTIVO 1: Contribuír a mellorar o impacto dos procesos de desenvolvemento apoiados por SIG a través dunha concentración xeográfica e sectorial e con alianzas estables

Trátase de concentrar os esforzos nas áreas de traballo onde se ten traxectoria e formular os proxectos como procesos de transformación a medio e longo prazo. Tamén de afondar nas aprendizaxes e ir incorporando os axustes que sexan pertinentes de cara a acrecentar os impactos positivos. No traballo con estas entidades seguirase a incidir de xeito especial na perspectiva de xénero e, no seu caso, afondarase nesta dimensión. Xeograficamente, concentrarémonos en Bolivia, Guatemala, Honduras e O Salvador. A situación de crise socio política que vive Nicaragua lévanos a non incluílo como país prioritario, debido ás dificultades para desenvolver un proxecto de cooperación internacional, pero manteremos a nosa liña de traballo de incidencia política e acompañamento ás compañeiras da rexión.

OBXECTIVO 2: Consolidar alianzas estratéxicas coas organizacións socias do Sur global cara un modelo baseado no apoio mutuo para a defensa e promoción dos dereitos humanos

Promover espazos de intercambio e coñecemento mutuo e de reflexión e acción conxunta, que vinculen a Solidariedade Internacional de Galicia coas súas organizacións aliadas máis alá dos proxectos e que promovan a aprendizaxe mutua e o intercambio tamén entre unhas e outras organizacións coas que se coopera. Trátase de promover alianzas e vínculos de apoio mutuo, que sexan de ida e volta e que transcendan os tempos e as lóxicas dos proxectos.

OBXECTIVO 3: Paliar e reducir a vulnerabilidade respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade

Dende a súa creación no ano 1996, Solidariedade Internacional de Galicia executou 12 proxectos de Axuda Humanitaria. O seu labor nesta materia empezou no ano 2005 mediante o apoio á emerxencia causada pola treboada tropical "STAN", en comunidades rurais dos departamentos de Suchitepéquez, Sololá, Chimaltenango en Guatemala, e os posteriores, noutros territorios de Haití, Colombia, Honduras e Guatemala. Aínda que non se define especificamente como axente humanitario nos seus estatutos, Solidariedade Internacional de Galicia establece nos mesmos que a entidade nace "coa finalidade de promover a xustiza social e alcanzar un modelo de sociedade baseado nun desenvolvemento económico, social e cultural, harmónico, sostible e equilibrado". Dende dúas liñas de intervención, a de paliar e reducir a vulnerabilidade respondendo a crises humanitarias coa eficacia e calidade e a de fortalecer as capacidades institucionais para a posta en marcha de iniciativas de carácter humanitario, quere penetrar e contribuír nesta área, aproveitando a presenza que ten en territorios coma o do Corredor Seco, pois é unha das áreas máis vulnerables do planeta respecto a eventos extremos pola seca e ou o exceso de chuvias torrenciais. Deste xeito, poderá estar a disposición das entidades aliadas no momento en que suceda unha crise humanitaria.

OBXECTIVO 4: Protección integral para defensores e defensoras de dereitos, con especial atención ás mulleres, así como promoción da reflexión, a formación e a incidencia en relación ás súas realidades

En atención ao deterioro das institucións democráticas e ao retroceso en dereitos e liberdades que está a vivirse nalgúns dos países cos que Solidariedade Internacional de Galicia ten traxectoria de traballo en cooperación, cómpre abrir unha nova liña de traballo vinculada ao apoio a defensoras de dereitos. Neste sentido, ponse énfase na protección destas persoas e na denuncia e incidencia para rehabilitar os dereitos e as condicións democráticas nestes países.

OBXECTIVO 5: Crear novas alianzas en comercio xusto, educación transformadora e outras entidades abrigo

Trátase de continuar diversificando os contactos e as relacións de traballo con organizacións aliadas. Dunha banda, buscando organizacións aliadas no Sur que continúen a permitírnos a flexibilidade precisa para adaptarnos a convocatorias de cooperación de diversa natureza e dimensión, dirixíndonos especialmente a organizacións de comercio xusto. Doutra banda, establecendo novas alianzas con organizacións que poidan fortalecer o noso traballo, como a Universidade, centros de formación ou innovación, etc. Tamén se trata de establecer alianzas con algunha organización galega ou doutros territorios, que achegue saberes profesionais especializados e que axude a complementar o bo quefacer das organizacións con saberes máis específicos vinculados ás áreas de traballo coas que traballamos: xénero, saúde, auga, etc. Por outra parte, trátase de facer partícipe a máis axentes das relacións de cooperación e solidariedade que queremos impulsar, priorizando entidades de mulleres ou que traballan a prol da igualdade. Nesta busca de novas alianzas, atenderemos de xeito especial á perspectiva de xénero, para que non diminúa a nosa orientación cara á igualdade, nin nos nosos programas nin na rede de socios/as locais.

ÁREA DE EDUCACIÓN

En SIG cremos firmemente na educación como ferramenta de transformación e nun modelo económico ao servizo de todas as persoas.

Por iso mediante o noso labor pedagóxico pretendemos a transformación social e política cara a unha cidadanía global empoderada e emancipada, traballando desde o paradigma dos dereitos humanos, feminista e da interseccionalidade, empregando ferramentas e procesos participativos que permitan ás persoas ser axentes activos desta transformación.

Neste sentido, enmárcanmos no paradigma da educación para o desenvolvemento de quinta e sexta xeración, a Educación para a Cidadanía Global e a Educación Transformadora ou Emancipadora. É dicir, aquela educación que opera baixo unha visión glocal (global-local), de corresponsabilidade e interdependencia, reafirmando que todas e todos somos cidadáns/ as dun mundo globalizado, onde nos recoñecemos pertencentes a unha comunidade de iguais e na que todos/ as somos suxeitos de dereitos capacitados para levar a cabo accións transformadoras que promovan o cambio social.

Trátase dunha educación que persegue xerar procesos de participación-acción, capaz de cuestionar as premisas capitalistas, patriarcais e colonialistas nas que se fundamenta a idea de desenvolvemento e de responder aos retos de aprendizaxe fronte á crise civilizatoria e ecosocial provocada por este modelo hexemónico, promovendo unha cidadanía crítica, politicamente activa e socialmente comprometida con outros modelos máis equitativos e xustos para todos os pobos e para o planeta.



Ana Lampón Técnica de educación

OBXECTIVOS

ÁREA DE EDUCACIÓN

OBXECTIVO 6

Desenvolver a capacidade crítica e o compromiso coa transformación social

Trátase de mudar actitudes e incrementar o coñecemento e a sensibilización, especialmente nos eidos do consumo responsable e o comercio xusto, a igualdade de xénero, o desenvolvemento sostible, a participación e a non discriminación. A área socio-educativa alberga un gran coñecemento acumulado e conta con numerosos recursos, a partir do continuado traballo de investigación, de sistematización de metodoloxías e de construción de ferramentas didácticas.

O marco normativo é favorable, na medida en que incorpora aos currículos formais a educación para a o desenvolvemento sostible e a cidadanía mundial.

Estas importantes fortalezas permiten formular obxectivos ambiciosos de crecemento e de impacto.

Doutra parte, na sociedade estase a vivir unha especial dificultade para o discernimento sobre a veracidade da información e unha proliferación de bulos e discursos antisociais. Neste contexto, a capacidade crítica e o compromiso coa transformación positiva, fanse moi relevantes para soste e ampliar os avances sociais en materia de dereitos.

O desenvolvemento de ferramentas socio-educativas que poñen énfase na necesaria dimensión participativa da cidadanía global, coma O Globo, outórganos a capacidade de dinamizar unha escola de participación baseada na formación-acción.

ÁREA DE COMERCIO XUSTO



Zaida Calvo. Técnica de comercio xusto

Solidaridad Internacional entende que o comercio xusto é unha ferramenta valiosa na loita contra a pobreza, con capacidade para promover condicións para un desenvolvemento persoal, social e económico sostible.

Ademáis, e máis aló das vendas, a súa importancia radica es ser un movemento social a nivel planetario que reivindica unhas relacións comerciais xustas e un cambio no noso modelo de consumo, alentando a reflexión sobre as prácticas e consecuencias do actual modelos de produción, comercialización e consumo.

Con todo, o Comercio Xusto no só é unha alternativa económica e comercial, se non tamén unha poderosa ferramenta para deconstruír a pedagogía da pobreza, a inequidade e a exclusión.

OBXECTIVOS

ÁREA DE COMERCIO XUSTO

OBXECTIVO 7

Fortalecer a dimensión divulgativa das actividades de comercio xusto e os vínculos coa área de cooperación

A actividade de comercio xusto, tanto a desenvolvida nas tendas como a participación en feiras ou servizos-café, cumpre un importante papel na promoción dunha conciencia crítica sobre o propio consumo e as posibilidades de transformación que implica realizar un consumo consciente.

Se ben a venda de produtos de comercio xusto está sendo asumida por grandes superficies comerciais, este papel educativo e de toma de conciencia está nas mans de organizacións como a nosa. De aí que, acompañando os procesos de mellora nas vendas, sexa labor principal construír relato e concentrar esforzos no labor educativo en torno ao comercio xusto.

Do mesmo xeito, debe existir unha continuidade entre o traballo solidario que se establece cos proxectos de cooperación e os vínculos solidarios que se establecen a través do consumo con organizacións produtoras do sur.

Obxectivos
ÁREAS INTERNAS E TRANSVERSAIS



Yasmin Pineda. Técnica de comercio xusto

OBXECTIVOS

ÁREAS INTERNAS E TRANVERSAIS

OBXECTIVO 8

Medrar como organización, ampliando a nosa capacidade de transformación

As capacidades técnicas e o coñecemento acumulado convidan a aumentar a capacidade de incidencia e actuación. Pero cun ritmo pausado, para non perder a cohesión e a identidade que nos son propias.

OBXECTIVO 9

Acrecentar e consolidar as capacidades para a proxección social (comunicación, incidencia social e incidencia política)

A comunicación e a incidencia son debilidades importantes detectadas, que precisan de recursos económicos e capacidades técnicas para ser encaradas con éxito. Na vixencia deste plan fórmase un proceso de fortalecemento organizativo nestas áreas, que nos sitúe coa capacidade de encarar obxectivos ambiciosos de proxección social a partir de 2027.

MAPA DE ESTRATEXIAS

Liñas estratéxicas para acadar os obxectivos

Presentamos un esquema que reúne o conxunto de obxectivos e as liñas estratéxicas para acadar cada un deles para pasar despois a describir estas liñas e os seus indicadores de seguimento.



Lara Barreiro. Técnica de comercio xusto

ÁREA DE COOPERACIÓN

OBXECTIVO 1

Contribuír a mellorar o impacto dos procesos de desenvolvemento apoiados por SIG a través dunha concentración xeográfica e sectorial e con alianzas estables

LIÑA 1.1 Contribuír a garantir o acceso das mulleres, nenas e adolescentes aos seus dereitos económicos, sexuais e reprodutivos e a unha vida libre de violencia desde unha visión feminista con pertinencia cultural

LIÑA 1.2 Contribuír á mellora da saúde integral mediante o fortalecemento de sistemas sanitarios, ambientais e sociofamiliares

LIÑA 1.3 Contribuír á mellora de infraestruturas públicas e domiciliarias para o exercicio pleno de dereitos fundamentais básicos

LIÑA 1.4 Promover iniciativas que garantan o dereito a medios de vida dignos mediante novas opcións de traballo e emprendemento, dende un enfoque de sustentabilidade social e medioambiental

OBXECTIVO 2

Consolidar alianzas estratéxicas coas organizacións socias do Sur global cara un modelo baseado no apoio mutuo para a defensa e promoción dos dereitos humanos

LIÑA 2.1 Promover espazos permanentes de encontro para o intercambio de experiencias e coñecementos coas organizacións aliadas

LIÑA 2.2 Promover visitas do Sur e ao Sur, como exercicio de recoñecemento mutuo

LIÑA 2.3 Acompañar o traballo de incidencia política e denuncia social que as nosas socias fan en terreo

OBXECTIVO 3

Paliar e reducir a vulnerabilidade, respondendo ás crises humanitarias con eficacia e calidade

LIÑA 3.1 Intervir nos territorios nos que SIG ten presenza mediante o acompañamento ante situacións de crise humanitaria, con especial atención no Corredor Seco

LIÑA 3.2 Fortalecer as capacidades institucionais de SIG para a posta en marcha de iniciativas de carácter humanitario

OBXECTIVO 4

Protección integral para defensores e defensoras de dereitos, con especial atención ás mulleres, así como promoción da reflexión, a formación e a incidencia en relación ás súas realidades

LIÑA 4.1 Contribuír á xeración de sistemas e estratexias de protección e defensoría a mulleres defensoras de dereitos humanos en Galicia

LIÑA 4.2 Apoiar estratexias de protección e defensoría a defensoras de dereitos humanos en orixe

OBXECTIVO 5

Crear novas alianzas en comercio xusto, educación transformadora e outras entidades abrigos

LIÑA 5.1 Alcanzar novas alianzas no Sur, con especial atención a entidades vinculadas ao movemento social do Comercio Xusto e a Educación Transformadora

LIÑA 5.2 Alcanzar novas alianzas con entidades abrigos

ÁREA DE EDUCACIÓN PARA A CIDADANÍA GLOBAL

OBXECTIVO 6

Desenvolver a capacidade crítica e o compromiso coa transformación social

Liña 6.1 Incrementar a capacidade de incidencia sobre os/as profesionais da educación.

Liña 6.2 Incrementar a capacidade de incidencia sobre a mocidade, a través dos centros educativos.

Liña 6.3 Impulsar iniciativas de Educación para a Cidadanía Global fóra do sistema educativo regrado, dirixíndonos a espazos e colectivos non formais.

Liña 6.4 Desenvolver O Globo como observatorio, escola e espazo de participación.

Liña 6.5 Fomentar o coñecemento e o recoñecemento de iniciativas de Educación para a Cidadanía Global a través de ferramentas e mecanismos de recompilación e divulgación de experiencias exitosas.

Liña 6.6 Xerar coñecemento útil que permita nutrir e mellorar a práctica socioeducativa.

Liña 6.7 Afianzar as alianzas de colaboración con entidades chave para a área de educación.

ÁREA DE COMERCIO XUSTO

OBXECTIVO 7

Fortalecer a dimensión divulgativa do comercio xusto e os vínculos coa área de cooperación

Liña 7.1 Elaborar campañas sobre comercio xusto, cunha dimensión de sensibilización e conciencia crítica.

Liña 7.2 Diseñar un proxecto piloto de cooperación que implique a algunha organización produtora ou se vincule directamente co comercio xusto.

Liña 7.3 Fortalecer o papel das tendas como espazos sociais de transformación, de activismo e de participación, con apertura e contacto coa cidadanía.

ÁREAS INTERNAS E TRANSVERSAIS

OBXECTIVO 8

Medrar como organización, ampliando a nosa capacidade de transformación

Liña 8.1 Fortalecer o carácter democrático da entidade a través da xeración de espazos que garantan a participación e o activismo

Liña 8.2 Garantir a presenza activa de SIG en redes e plataformas afíns, como espazos necesarios de incidencia e fortalecemento mutuo

Liña 8.3 Consolidar a solvencia e a sustentabilidade económica

Liña 8.4 Dotarse dun cadro de mando con todos os procesos clave da organización e os seus indicadores

OBXECTIVO 9

Acrecentar e consolidar as capacidades para a proxección social: comunicación, incidencia social e incidencia política

Liña 9.1 Fortalecer as capacidades de comunicación da organización

Liña 9.2 Incidencia política. Consolidar discursos con solvencia: aposta política e postulados ideolóxicos

LIÑAS ESTRATÉXICAS

Detalle das liñas estratéxicas e dos indicadores de seguimento e avaliación



Alba Fernández. Técnica de comercio xusto

LIÑAS ESTRATÉXICAS

PARA ACADAR O OBXECTIVO 1

CONTRIBUÍR A MELLORAR O IMPACTO DOS PROCESOS DE DESENVOLVEMENTO APOIADOS POR SIG A TRAVÉS DUNHA CONCENTRACIÓN XEOGRÁFICA E SECTORIAL E CON ALIANZAS ESTABLES

LIÑA 1.1 Contribuír a garantir o acceso das mulleres, nenas e adolescentes aos seus dereitos económicos, sexuais e reprodutivos e a unha vida libre de violencia desde unha visión feminista con pertinencia cultural

INDICADOR 1.1.1. Mulleres, adolescentes e nenas de todas as idades, aumentan a súa capacidade para previr a violencia machista e os seus efectos cara a elas e os seus fillos/as

INDICADOR 1.1.2. Mulleres en situación de alta vulnerabilidade acceden a medios de vida dignos mediante novas opcións de traballo e emprendemento

INDICADOR 1.1.3. Mulleres vítimas de violencias machistas reciben atención social, psicolóxica e legal

INDICADOR 1.1.4. Xerados espazos para o desenvolvemento de procesos de "sanación" e autocoidado con mulleres vítimas de violencia desde a cosmovisión Maya

INDICADOR 1.1.5. Xéranse e difúndense coñecementos, desde un enfoque feminista, en materia de violencias machistas cara ás mulleres que contribúan á súa abordaxe integral

LIÑA 1.2 Contribuír á mellora da saúde integral mediante o fortalecemento de sistemas sanitarios, ambientais e sociofamiliares

INDICADOR 1.2.1. Promovida a seguridade alimentaria a través do desenvolvemento de iniciativas de diversificación produtiva sustentables e respectuosas co medio ambiente, a promoción de prácticas agroecolóxicas sustentables e equitativas e o fortalecemento das redes de comercialización local

INDICADOR 1.2.2. Reforzada a cobertura sanitaria mediante a capacitación do persoal médico e a mellora da súa infraestrutura e equipamento sanitario

INDICADOR 1.2.3. Fortalecidas as capacidades comunitarias, familiares e persoais a través da promoción de novos hábitos, estilos de vida resilientes e vivendas saudables

INDICADOR 1.2.4. Garantida a dispoñibilidade de auga para uso doméstico e agrícola

INDICADOR 1.2.5. Realizadas accións de sensibilización e educación ambiental

LIÑA 1.3 Contribuír á mellora de infraestruturas públicas e domiciliarias para o exercicio pleno de dereitos fundamentais básicos

INDICADOR 1.3.1. Realizadas obras de mellora habitacional e saneamento básico familiar e comunitario

INDICADOR 1.3.2. Xerada, mellorada e equipada a infraestrutura pública para unha adecuada prestación de servizos básicos

INDICADOR 1.3.3. Promovida a instalación de sistemas enerxéticos eficientes e sustentables en vivendas e infraestruturas públicas

LIÑA 1.4 Promover iniciativas que garantan o dereito a medios de vida dignos mediante novas opcións de traballo e emprendemento, dende un enfoque de sostibilidade social e medioambiental

INDICADOR 1.4.1. Mellora da comercialización local

INDICADOR 1.4.2. Apoio a iniciativas de Comercio Xusto en orixe

INDICADOR 1.4.3. Promoción de iniciativas económicas

Outros indicadores vinculados ao OBXECTIVO 1

INDICADOR 1.5.1. Mantemento de proxectos de cooperación coas organizacións actualmente aliadas

INDICADOR 1.5.2.0 importe dos fondos anuais coas organizacións actualmente aliadas non decrece. Porcentaxe de incremento dos fondos para cada organización

INDICADOR 1.5.3. Número e relevancia das melloras incorporadas a cada proxecto no período de vixencia do plan

INDICADOR 1.5.4. Evolución dos impactos positivos de cada proxecto de cooperación perdurable

LIÑAS ESTRATÉXICAS

PARA ACADAR O OBIETIVO 2

CONSOLIDAR ALIANZAS ESTRATÉXICAS COAS ORGANIZACIÓNS SOCIAS DO SUR GLOBAL CARA UN MODELO BASEADO NO APOIO MUTUO PARA A DEFENSA E PROMOCIÓN DOS DEREITOS HUMANOS

Liña 2.1 Promover espazos permanentes de encontro para o intercambio de experiencias e coñecementos coas organizacións aliadas

INDICADOR 2.1.1. Realizado un encontro anual que facilite o coñecemento mutuo, o intercambio de saberes, a reflexión sobre temas de interese global e, no seu caso, a acción conxunta para a mellora das relacións de cooperación ou para algunha outra temática común

INDICADOR 2.1.2. Número de actividades de intercambio organizadas entre organizacións aliadas

INDICADOR 2.1.3. Grao de satisfacción das participantes con estas actividades de intercambio

Liña 2.2 Promover visitas do Sur e ao Sur, como exercicio de recoñecemento mutuo

INDICADOR 2.2.1. Realizadas estancias en terreo de representantes de SIG

INDICADOR 2.2.2. Recibidas visitas do Sur en Galicia, para a promoción e difusión do traballo en terreo

Liña 2.3 Acompañar o traballo de incidencia política e denuncia social que as nosas socias fan en terreo

INDICADOR 2.3.1. Número de actividades de incidencia e denuncia social nas que colaboramos coas nosas organizacións aliadas

INDICADOR 2.3.2. Valoración realizada polas organizacións aliadas respecto aos impactos do noso apoio na denuncia e incidencia social

LIÑAS ESTRATÉXICAS PARA ACADAR O OBXECTIVO 3

PALIAR E REDUCIR A VULNERABILIDADE RESPONDENDO ÁS CRISES HUMANITARIAS CON EFICACIA E CALIDADE

Liña 3.1 Intervir nos territorios nos que SIG ten presenza mediante o acompañamento ante situacións de crise humanitaria con especial atención no Corredor Seco

INDICADOR 3.1.1. Implementadas iniciativas de acción humanitaria nas zonas de intervención de SIG ante fenómenos adversos, da man das nosas entidades socias

INDICADOR 3.1.2. Fortalecidas as organizacións competentes para mellorar a súa capacidade de resposta fronte a eventos adversos

INDICADOR 3.1.3. As comunidades e persoas afectadas por crises humanitarias reciben unha axuda adecuada, están máis preparadas, son máis resilientes e están menos expostas ao risco, como resultado da acción humanitaria

Liña 3.2 Fortalecer as capacidades institucionais de SIG para a posta en marcha de iniciativas de carácter humanitario

INDICADOR 3.2.1. Melloradas as capacidades do equipo de SIG a través de formación en axuda humanitaria

INDICADOR 3.2.2. Favorecidos espazos de intercambio e aprendizaxe con aquelas entidades socias con ampla experiencia en axuda humanitaria

LIÑAS ESTRATÉXICAS

PARA ACADAR O OBXECTIVO 4

PROTECCIÓN INTEGRAL PARA DEFENSORES E DEFENSORAS DE DEREITOS, CON ESPECIAL ATENCIÓN ÁS MULLERES, ASÍ COMO PROMOCIÓN DA REFLEXIÓN, A FORMACIÓN E A INCIDENCIA EN RELACIÓN ÁS SÚAS REALIDADES

Liña 4.1 Contribuír á xeración de sistemas e estratexias de protección e defensoría a mulleres defensoras de dereitos humanos en Galicia

INDICADOR 4.1.1. Realizado un diagnóstico sobre como implementar unha liña de protección e defensoría de defensores/as de dereitos humanos en Galicia

INDICADOR 4.1.2. Contribución de SIG á implementación dunha estratexia galega de protección a defensores/as de dereitos humanos en Galicia

Liña 4.2 Apoiar estratexias de protección e defensoría a defensoras de dereitos humanos en orixe

INDICADOR 4.2.1. Fortalecidas as capacidades de protección e autocoidado individual e colectivo de mulleres defensoras e das súas organizacións sociais

LIÑAS ESTRATÉXICAS PARA ACADAR O OBXECTIVO 5

CREAR NOVAS ALIANZAS EN COMERCIO XUSTO, EDUCACIÓN TRANSFORMADORA E OUTRAS ENTIDADES ABRIGO

Liña 5.1 Alcanzar novas alianzas no Sur, con especial atención a entidades vinculadas ao movemento social do Comercio Xusto e a Educación Transformadora*

*Esta liña está vinculada ao obxectivo 7 e á liña 7.2.

INDICADOR 5.1.1. Establecida entre unha e tres alianzas novas con organizacións do sur, nos territorios onde vén traballando SIG e vinculadas ao comercio xusto

INDICADOR 5.1.2. Desenvolto algún proxecto de cooperación con unha destas novas entidades

Liña 5.2 Alcanzar novas alianzas con entidades abrigo

INDICADOR 5.2.1. Establecida cando menos unha nova alianza cunha entidade, prioritariamente galega, que fortalece as capacidades de SIG nos seus ámbitos de traballo de cooperación

INDICADOR 5.2.2. Desenvolto algún proxecto de cooperación con unha destas novas entidades abrigo

LIÑAS ESTRATÉXICAS

PARA ACADAR O OBXECTIVO 6

DESENVOLVER A CAPACIDADE CRÍTICA E O COMPROMISO COA TRANSFORMACIÓN SOCIAL

Liña 6.1: Incrementar a capacidade de incidencia sobre os/as profesionais da educación

- INDICADOR 6.1.1 Sostida a liña de colaboración cos Centros de Formación do Profesorado da Consellería de Educación e abertas novas relacións con asociacións profesionais ou doutro tipo que reúnan a profesionais da educación
- INDICADOR 6.1.2 Realizadas actividades coas Universidades, para a formación inicial de futuras educadoras e educadores
- INDICADOR 6.1.3 Creado cada ano un novo material educativo que axude a ser referente diferencial: consumo responsable e participación
- INDICADOR 6.1.4 Elaborados micro-dossieres das nosas propostas educativas e divulgados os dossieres e as actividades que facemos
- INDICADOR 6.1.5 Achegadas as nosas ferramentas a 300 profesionais da educación, a través de 30 horas de formación anual
- INDICADOR 6.1.6 Grao de satisfacción das persoas participantes
- INDICADOR 6.1.7 Incremento das capacidades adquiridas, por parte das profesionais do ensino, no seu labor educativo, para a mellora dos atributos da cidadanía global

Liña 6.2: Incrementar a nosa capacidade de incidencia sobre a mocidade, a través dos centros educativos

- INDICADOR 6.2.1 Realizadas actividades educativas chegando a 5.200 mozos e mozas
- INDICADOR 6.2.2 Grao de satisfacción das persoas participantes
- INDICADOR 6.2.3 Incremento das capacidades adquiridas das persoas coas que traballamos: mellorados os atributos da cidadanía global (actitudes, habilidades e coñecementos)

Liña 6.3: Impulsar iniciativas de Educación para a Cidadanía Global fóra do sistema educativo regrado, dirixíndonos a espazos e colectivos non formais

- INDICADOR 6.3.1 Identificados espazos e colectivos do eido non regrado afíns
- INDICADOR 6.3.2 Número e grao de satisfacción das actividades educativas realizadas nos espazos identificados

Liña 6.4: Desenvolver O Globo como observatorio, escola e espazo de participación

- INDICADOR 6.4.1 Estabilizada a programación anual
- INDICADOR 6.4.2 Grao de satisfacción das persoas participantes na programación
- INDICADOR 6.4.3 Porcentaxe de participación de aliadas do sur e evolución anual
- INDICADOR 6.4.4 Número e alcance das actividades realizadas no marco do Globo: acadar 30 micro-experiencias que reúnan todos os criterios metodolóxicos de luces-cámara-acción e teñan impacto transformador
- INDICADOR 6.4.5 Realización de actividades nas que participan 270 persoas maiores
- INDICADOR 6.4.6 Incremento das capacidades adquiridas das persoas coas que traballamos: mellorados os atributos da cidadanía global (actitudes, habilidades e coñecementos)

Liña 6.5: Fomentar o coñecemento e o recoñecemento de iniciativas de Educación para a Cidadanía Global a través de ferramentas e mecanismos de recompilación e divulgación de experiencias exitosas

- INDICADOR 6.5.1 Identificar e mapear 150 experiencias de ECG desenvolvidas nas distintas etapas do ensino regrado de Galicia
- INDICADOR 6.5.2 Recoñecer o labor dos centros educativos, a través dun Premio Galego de ECG, impulsando sucesivas edicións do mesmo

Liña 6.6: Xerar coñecemento útil, que permita nutrir e mellorar a práctica socioeducativa

- INDICADOR 6.6.1 Realizados estudos concretos sobre contidos e temas de interese para organización
- INDICADOR 6.6.2 Participación en grupos de investigación para a realización de investigación aplicada
- INDICADOR 6.6.3 Creada unha ferramenta que permita medir o impacto da actividade educativa sobre a transformación social

Liña 6.7: Afianzar as alianzas de colaboración con entidades chave para a área de educación

- INDICADOR 6.7.1 Número de encontros realizados; número e alcance das actividades en colaboración
- INDICADOR 6.7.2 Número e grao de relevancia das novas alianzas e sinerxias establecidas

LIÑAS ESTRATÉXICAS PARA ACADAR O OBXECTIVO 7

FORTALECER A DIMENSIÓN DIVULGATIVA DO COMERCIO XUSTO E OS VÍNCULOS COA ÁREA DE COOPERACIÓN

Liña 7.1 Elaborar campañas sobre comercio xusto, cunha dimensión de sensibilización e conciencia crítica

Na súa elaboración, débese atender a facilitar un maior coñecemento do comercio xusto polas persoas do equipo técnico, que deben ser partícipes do deseño das campañas. No seu formato, deben permitir poder ser empregadas nas propias tendas de comercio xusto e outorgar protagonismo e proximidade ás persoas das organizacións produtoras.

INDICADOR 7.1.1. Realizados novos materiais de campaña, a partir dunha análise dos públicos potenciais

INDICADOR 7.1.2. Realizadas campañas, empregando os materiais elaborados

INDICADOR 7.1.3. Utilizados con éxito os materiais nas tendas

Liña 7.2 Diseñar un proxecto piloto de cooperación que implique a algunha organización produtora ou se vincule directamente co comercio xusto*

*Esta liña está vinculada ao obxectivo 5 e á liña 5.1.

Trátase de crear unha micro-experiencia ou un proxecto de cooperación con algunha organización produtora. Pódese abrir esta micro-experiencia á participación de persoas voluntarias, que participen nela desde o seu inicio ata o final. A partir desta experiencia, poderase contrastar a escalabilidade dun proxecto máis amplo coa coordinadora de comercio xusto, con algunha das principais distribuidoras ou con entidades análogas.

INDICADOR 7.2.1. Realizada a experiencia piloto

INDICADOR 7.2.2. Fortalecida unha organización do sur vinculada ao comercio xusto

INDICADOR 7.2.3. Analizada a escalabilidade

Liña 7.3 Fortalecer o papel das tendas como espazos sociais de transformación, de activismo e de participación, con apertura e contacto coa cidadanía

INDICADOR 7.3.1 Número de actividades realizadas nas tendas ou no seu entorno

INDICADOR 6.7.2 Asistencia e alcance das mesmas e grao de satisfacción das persoas participantes, diferenciando por xénero

LIÑAS ESTRATÉXICAS PARA ACADAR O OBXECTIVO 8

MEDRAR COMO ORGANIZACIÓN, AMPLIANDO A NOSA CAPACIDADE DE TRANSFORMACIÓN

Liña 8.1: Fortalecer o carácter democrático da entidade, a través da xeración de espazos que garantan a participación e o activismo

INDICADOR 8.1.1. Grao de renovación da xunta directiva, diferenciando por xénero

INDICADOR 8.1.2. Número de persoas implicadas de xeito activista na organización e grao de implicación, diferenciando por xénero

INDICADOR 8.1.3. Número de espazos e canles de participación abertos e grao de utilización dos mesmos

Liña 8.2: Garantir a presenza activa de SIG en redes e plataformas afíns, como espazos necesarios de incidencia e fortalecemento mutuo

INDICADOR 8.2.1. Número e perfil das organizacións de segundo nivel, plataformas e campañas nas que SIG toma parte activa

INDICADOR 8.2.2. Número de horas dedicadas ao traballo en rede, ás organizacións, plataformas e campañas das que SIG forma parte, por parte de traballadoras e socias de SIG

Liña 8.3: Consolidar a solvencia e a sustentabilidade económica

Este obxectivo ten diferentes dimensión. Diversificación das fontes de financiamento, explorando o financiamento europeo e o financiamento privado, entre outros. Sistematización dunha estratexia de vendas no ámbito do comercio xusto. Crecemento paulatino dos fondos propios, en base á xeración de excedentes.

INDICADOR 8.3.1. Evolución positiva do resultado económico anual e dos fondos propios

INDICADOR 8.3.2. Incremento anual do número de fontes de financiamento

INDICADOR 8.3.3. Incremento de vendas no ámbito do comercio xusto

INDICADOR 8.3.4. Resultados de explotación das actividades de comercio xusto e a súa evolución anual

Liña 8.4: Dotarse dun cadro de mando con todos os procesos clave da organización e os seus indicadores

Este obxectivo implica un bo uso das ferramentas de planificación e xestión económica, favorecendo así un crecemento intelixente e sustentable, aberto á innovación e orientado á mellora. A través desta sistematización, buscarase distribuír os traballos de forma máis equilibrada ao longo do ano, evitando os picos de sobrecarga.

INDICADOR 8.4.1. Definido un sistema de indicadores clave

INDICADOR 8.4.2. Desenvolto un cadro de mando, que se alimenta de datos de forma actualizada e se emprega nos procesos de toma de decisión

INDICADOR 8.4.3. Reducidos os picos de sobrecarga de traballo

LIÑAS ESTRATÉXICAS

PARA ACADAR O OBXECTIVO 9

ACRECENTAR E CONSOLIDAR AS CAPACIDADES PARA A PROXECCIÓN SOCIAL (COMUNICACIÓN, INCIDENCIA SOCIAL E INCIDENCIA POLÍTICA)

Liña 9.1 Fortalecer as capacidades de comunicación da organización

Son diversas as dimensións contidas neste obxectivo. Desenvolver unha identidade propia e recoñecible: un nome, unha marca, unha imaxe e un relato de Solidariedade Internacional de Galicia facilmente identificable. Concentrar as pequenas forzas da organización nunha campaña anual, ben enfocada e planificada. Ir desenvolvendo un progresivo traballo de dinamización das redes sociais, que permita acabar o período de vixencia do plan cun número significativo de seguidoras, de forma que poda soste campañas de maior alcance. Desenvolver tres actividades anuais de comunicación na rúa, que permitan dar a coñecer as tendas de comercio xusto.

INDICADOR 9.1.1. Desenvolva unha marca recoñecible de SIG

INDICADOR 9.1.2. Desenvolva unha campaña anual de comunicación

INDICADOR 9.1.3. Alcance das campañas e evolución anual

INDICADOR 9.1.4. Incremento de persoas seguidoras nas redes sociais

Liña 9.2 Incidencia política. Consolidar discursos: aposta política, postulados ideolóxicos, con solvencia

Como paso previo á campaña de comunicación anual ou independentemente dela, trátase de desenvolver cada ano, a lo menos un debate profundo sobre unha temática de relevancia, que permita un posicionamento da organización.

INDICADOR 9.2.1. Consolidados os grupos de discusión como un espazo de reflexión e xeración de posicionamento dentro da entidade

IMOS ALÓ!



Si
solidariedade
internacional
GALICIA